



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 337
17 de xullo de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación sen modificacións

I 29452 (10/PNC-002343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e seis deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dos cambios normativos necesarios para adaptar a limitación de potencia dos motores das embarcacións de recursos específicos ás necesidades da frota [109966](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 22248 (10/PNC-001807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado [109966](#)

I 30710 (10/PNC-002468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa defensa dos dereitos dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega a percibir dese estado as súas pensións de xubilación [109967](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 21533 (10/PNC-001764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional [109968](#)

I 32315 (10/PNC-002633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a apertura polo Goberno Galego, a través de Portos de Galicia, dun período de negociación co Concello do Grove para a desafección e pase á titularidade municipal dos terreos portuarios que non se están a utilizar para a actividade relacionada directamente co porto [109968](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**1.5.1. De ámbito autonómico galego****1.5.1.1. Valedor do Pobo**

I Acordo do Pleno do Parlamento en relación co debate Debate e votación das propostas de cesamento da valedora do pobo [109968](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia**3.2. Recursos humanos**

I Resolución da Presidencia do 16 de xullo de 2018 de nomeamento dun funcionario do corpo de xestión do Parlamento de Galicia [109969](#)

I Resolución da Presidencia do 16 de xullo de 2018 de nomeamento dunha funcionaria da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia [109969](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 13 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 29452 (10/PNC-002343)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e seis deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dos cambios normativos necesarios para adaptar a limitación de potencia dos motores das embarcacións de recursos específicos ás necesidades da frota BOPG nº 296, do 25.04.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover os cambios normativos necesarios para adecuar ás necesidades da frota a limitación de potencia dos motores das embarcacións de recursos específicos.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 22248 (10/PNC-001807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a igualdade nas prestacións entre o persoal que desenvolve as súas funcións no Servizo de Gardacostas, tanto estatutario coma externalizado

BOPG nº 241, do 17.01.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 33409, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar as seguintes medidas:

1. Dirixirse ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que modifique a actual normativa en vigor de xeito que nas actividades que determinan a redución da idade mínima de xubilación e coeficientes redutores da mariña mercante se inclúan as embarcacións e buques de inspección, busca, salvamento e loita contra a contaminación adscritas ao servizo das administracións públicas.

2. Requirir a aplicación dos coeficientes redutores ao persoal estatutario que desenvolve labores de inspección, salvamento e loita contra a contaminación a bordo de embarcacións da Administración, con carácter retroactivo, de acordo aos criterios da mariña mercante establecidos no Real decreto 1311/2007, do 5 de decembro, e da Circular núm. 4/2017, de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, acorde coas competencias e funcións que desempeñan.»

- 30710 (10/PNC-002468)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa defensa dos dereitos dos mariñeiros galegos que traballaron en buques de Noruega a percibir dese estado as súas pensións de xubilación

BOPG nº 305, do 16.05.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 33406, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en demanda de:

— Que adopte as medidas legais que corresponda ao amparo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e do Regulamento do Tribunal Europeo de Dereitos contra o Reino de Noruega (“demanda interestatal” e/ou intervención como terceira parte en «demanda individual”), que está incumprindo o Convenio Europeo de Dereitos Humanos, ao vulnerar a prohibición de discriminación por razón de nacionalidade por ter exixido a residencia para a inclusión no sistema noruegués de seguridade social aos mariñeiros galegos embarcados en buques deste país, requisito que, polo contrario, non se exixía aos nacionais noruegueses empregados nos mesmos barcos, sen xustificación obxectiva e razoable para isto.

— Que tanto se adopta a medida de interposición dunha “demanda interestatal” como da e/ou intervención como terceira parte en “demanda individual”, o faga en función dos intereses e das necesidades que manifesten os traballadores do mar da asociación Long Hope, que xa están litigando na actualidade contra o Reino de Noruega deste Estado membro do Consello de Europa para esgotar a vía interna antes de acudir ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

— Que inicie ao mesmo tempo una negociación real, inmediata e directa co Reino de Noruega para alcanzar un acordo que permita poñer fin satisfactoriamente á situación de desprotección social na que se atopan os mariñeiros emigrantes en buques de Noruega.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a apoiar técnica e economicamente os mariñeiros galegos afectados nas súas demandas ante os tribunais de Noruega na defensa dos seus intereses e dereitos, sempre que o soliciten.»

Rexeitamento da iniciativa

- 21533 (10/PNC-001764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional

BOPG nº 229, do 19.12.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 32315 (10/PNC-002633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a apertura polo Goberno Galego, a través de Portos de Galicia, dun período de negociación co Concello do Grove para a desafección e pase á titularidade municipal dos terreos portuarios que non se están a utilizar para a actividade relacionada directamente co porto

BOPG nº 323, do 20.06.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 33397, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.1. Valedor do Pobo

O Pleno do Parlamento, na sesión do 10 de xullo de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Punto 1. Debate e votación das propostas de cesamento da valedora do pobo, formuladas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 32981) e polos grupos parlamentarios de En Marea e dos Socialista de Galicia (doc. núm. 33004)

Sométense a votación conxunta as propostas de cesamento da valedora do pobo, que resultan rexeitadas por 34 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do 16 de xullo de 2018 de nomeamento dun funcionario do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

Á vista da resolución do procedemento selectivo para o ingreso nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia (grupo B), por promoción interna, mediante o sistema de concurso oposición, a favor do funcionario D. José Ramón de La Fuente Rodríguez, acordado pola Mesa do Parlamento na súa sesión de 10 de xullo de 2018, e rematados os trámites establecidos nas bases da antedita convocatoria, no uso das facultades que me confire o Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia e o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Nomear funcionario do corpo de xestión do Parlamento de Galicia a D. José Ramón de la Fuente Rodríguez.

Contra a presente resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, ante a Presidencia do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela 16 de xullo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do 16 de xullo de 2018 de nomeamento dunha funcionaria da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia

Á vista da resolución do procedemento selectivo para o ingreso de dúas prazas da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia (grupo A), por promoción interna, mediante o sistema de concurso-oposición, a favor da funcionaria dona María del Carmen Moreiras Plaza, acordado pola Mesa do Parlamento na súa sesión do 10 de xullo de 2018, e rematados os trámites estable-

cidos nas bases da antedita convocatoria, no uso das facultades que me confire o Estatuto do persoal do Parlamento de Galicia e o Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Nomear funcionaria da escala superior de documentación do Parlamento de Galicia a dona María del Carmen Moreiras Plaza.

Contra a presente resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, ante a Presidencia do Parlamento de Galicia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727